

A comarca elixe o 24-M aos seus alcaldes entre trece candidatos

MELIDE

Grande éxito do debate a tres organizado por Asetem-Cca e Crónicas P2-3

COMARCA

Promoven a construción de 30 chalés e un campo de golf en Santiso P24

CULTURA

Antonio Reigosa visitará o museo para iniciar unha recollida de lendas P28

ENTREVISTA



Ana Pérez,
Galaica
Bisutería P23



Xosé Igrexas (BNG), Ánxeles Vázquez (PP) e José Antonio Prado (PSOE), candidatos á alcaldía de Melide

Catro concellos e un total de 13 candidatos ás alcaldías. Os partidos políticos da Terra de Melide apuran os últimos días da campaña electoral para convencer aos cidadáns e tratar de sumar uns votos que poden resultar decisi-

vos de cara a uns comicios que se presentan abertos e disputados. O xornal Cerne percorreu a xeografía da comarca para condensar nunha edición especial as propostas de todos os partidos que se presentan ás eleccións do 24-M. Os

candidatos de Melide Toques, Sobrado e Santiso presentan a través destas páxinas os seus programas de goberno para os próximos catro anos.

Edición especial



24-M

Eleccións municipais

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

25 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Os tres candidatos á alcaldía sacan a artillería pesada ante o electorado nun debate inédito

Tiñan un marco único e souberón aproveitar. O primeiro debate electoral aberto ao público da historia de Melide serviu para que os tres candidatos á alcaldía, Ánxeles Vázquez (PP), Xosé Igrexas (BNG) e José Antonio Prado (PSOE) se empregasen a fondo ante a veciñanza botando man de hemeroteca, datos, ideas e promesas para tratar de convencer de que son a mellor opción de goberno para o Concello.

Baixo a organización dos xornais Cerne e Crónicas da Comarca, e cunha Casa da Cultura repleta de xente como escenario, os candidatos debateron durante algo máis de unha hora e media sobre diferentes temas de interese agrupados en tres bloques temáticos: facenda e investimentos, infraestruturas e promoción económica, servizos sociais e cultura.

Facenda e investimentos

Neste primeiro asalto a xestión económica e a débeda municipal foron os temas que monopolizaron o intercambio de argumentos. A candidata popular quixo demostrar con datos a boa evolución das arcas municipais nos últimos catro anos e realizou unha comparativa entre o súa etapa de goberno e a do bipartito: "a débeda que deixa o PP é de 723.000 euros e todas as facturas pagadas. Hai catro anos a débeda era de 2,4 millóns de euros e outro máis en facturas pendentes de pago. Pasamos de estar entre os concellos máis endebedados de Galicia a ser o sétimo máis saneado", dixo Ánxeles Vázquez.

O candidato nacionalista, Xosé Igrexas, acusou ao PP de "manipular e falsear datos" ao tempo que recordou que "cando chegamos ao goberno en 2007 atopamos unha situación que nos obrigou a facer un plan de saneamento financeiro. Funcionou, salvou este Concello e de aí chega-

mos á situación actual".

Pola súa banda José Antonio Prado, do PSOE, asegurou que a redución de débeda se realizou dunha maneira "inxusta" porque se empregou o remanente para adiantarlle cartos aos bancos e non para cubrir necesidades. Ilustrouno cun exemplo dirixido a Vázquez: "unha familia que está ao corrente do pago da súa hipoteca, debe adiantar cartos a costa de ter aos seus fillos en situación precaria? Iso foi o que fixeches ti".

Infraestruturas e promoción

No segundo bloque de debate o novo centro de saúde non construído foi o tema estrela, ata o punto de que o candidato socialista cuestionou a renovación de Vázquez como candidata á alcaldía: "un alcalde preséntase na Xunta, vén co orzamento debaixo do brazo e non permite que se rían do seu pobo", dixo Prado, "se eu son alcalde de Melide, hai un goberno socialista na Xunta e non consigo o centro de saúde, non me presento á reelección".

A candidata popular, tras asegurar que a construción "está en marcha" e insistir en que "haberá un novo centro de saúde", centrou a súa intervención nas infraestruturas feitas ou melloradas nesta lexislatura. Citou o remate da Casa da Cultura, a nova escola infantil, a segunda planta da residencia dos maiores, o parque infantil do Pazo de Congressos, as pistas de pádel, a parcelaria de Maceda e Orois ou o saneamento da Rolda da Coruña, entre outras.

Dende o BNG, o candidato Xosé Igrexas argumentou que as instalacións municipais están "abandonadas" e tirando de hemeroteca botoulle en cara á candidata do PP que "o centro de saúde foi nos orzamentos da Xunta tres anos seguidos e non se executou nin un só céntimo". Tamén se referiu á Casa da Cultura como un "mini



Os tres candidatos, flanqueados por membros da organización, antes do debate



A cita tivo moi boa acollida por parte do público. Asistiron preto de 400 persoas

Gaiás" que tivo a súa orixe cando o goberno do que formaba parte Vázquez decidiu derrubar o antigo edificio: "en 2007 xa dixestes que a iades inaugurar e o único que había era cascallo".

Servizos Sociais e cultura

Neste bloque temático o BNG puxo o acento na súa intención de facer que a cultura "sexa participativa e universal, non coma vós", dixo dirixíndose a Ánxeles Vázquez, "que enfrontastes, desprezastes e discriminastes aos colectivos do pobo creando unha escola de música e danza

tradicional na que estades gastando 44.000 euros ao ano cando hai xente na vila que xa fai iso".

O partido socialista sumouse á crítica argumentando que "a escola de música é un exemplo de intervencionismo, de facerlle a competencia ás asociacións de Melide". No que a servizos sociais se refire acusou ao PP de ser "insensible cos que peor o pasan" e de practicar "a axuda da prensa". A isto engadiu que "cando veña o Combo Dominicano á gala solidaria estades sacando a foto e ao mesmo tempo botades en

contra das medidas sociais que pedían 9.000 euros para a xente con necesidades".

Sobre a escola de música a candidata popular definiuna como "un logro" e esgrimiu referíndose ao goberno bipartito que "gastastes máis vós nun día coa feira do libro ou do traxe tradicional ca nós coa escola en todo o ano". No referido aos servizos sociais, asegurou que baixo o seu mandato se incrementou o número de horas de axuda a domicilio, o número de persoas atendidas na residencia da terceira idade e o número de prazas nas escolas infantís.



DEBATE ELECTORAL MELIDE

*As frases do alegato final*

ÁNXELES VÁZQUEZ
PARTIDO POPULAR



"As opcións son a estabilidade ou o demais. Se non lle votades con forza ao PP, haberá bipartito"

"Temos por diante catro anos de grandes oportunidades. A autovía vai facer posible un dinamismo económico importante. Queremos que sexa o motor de dinamización, pero se non traballamos arreo e non somos capaces de identificarnos aínda máis, pode ser o motor de escape. A formación e o traballo serán dous dos grandes obxectivos. Estamos no bo camiño. Pídevos o voto convencida de que traballaremos moito e máis, sempre a prol de beneficiar a todos por igual, sen distinción, ao igual que o fixen ata agora" .

XOSÉ IGREXAS
BLOQUE NACIONALISTA



"Na situación actual debemos coidar o que de verdade importa: a xente. Non vos imos defraudar"

"Tampouco vos imos mentir, como levan tempo facendo. Todo parece cor de rosa pero a realidade é que unha das empresas máis grandes do polígono vai para Palas e as explotacións están afogando cada día máis pola caída do prezo do leite, por poñer algúns exemplos. Aludo á reflexión sobre estes catro anos de goberno que nos levaron a unha situación de recortes e de desemprego. Aludo á esperanza porque outras políticas centradas nas persoas son posibles e non mirando os intereses persoais" .

JOSÉ A. PRADO
PARTIDO SOCIALISTA



"Hai que acabar coa política de favores en lugar de dereitos, a do medo, a da falta de diálogo"

"Propóño vos facer outro tipo de xestión. A xestión de que todos somos iguais a partir do día 25 de maio, a de planificar, a de dialogar, a de comprometerse con Melide sen ambigüidades, a de aproveitar as nosas potencialidades. O día 24 vaise producir un referendo: se queremos aire fresco ou aire viciado, se queremos ser iguais ou se depende do que penses, se queremos dereitos ou favores. O cambio é posible. Non vos deixedes vencer polo medo. Deixádevos vencer pola ilusión. Entre todos imos cambiar Melide" .

OPINIÓN

Directiva de Asetem-Cca

Un debate. Un aplauso

Tras algo máis de hora e media de debate, un aplauso. Espontáneo. Sonoro. Longo. O público en pé. Melide celebraba algo máis que a clausura dun debate electoral pioneiro, o único de características similares que se ten realizado ata o momento na vila. Celebraba tamén a súa madurez democrática, a capacidade pouco frecuente de reunir baixo un mesmo teito ideas e cores dispares nun intercambio dialéctico impecable e respectuoso que contou coa complicidade tanto dos tres candidatos á alcaldía como do público asistente. Melide foi un exemplo a tarde do 16 de maio, e por iso debemos congratularnos e sentirnos orgullosos todos e todas as que somos deste concello ou facemos vida nel.

O aplauso espontáneo, sonoro e longo foi para os candidatos, que entenderon dende o primeiro momento en que consiste o exercicio da democracia e cumpriron sen poñer ningún impedimento co seu deber moral de dar explicacións ante as persoas ás que aspiran a representar. A veciñanza por diante dos partidos e deles mesmos. O aplauso espontáneo, sonoro e longo foi tamén para a cidadanía de Melide, que soubo entender a importancia que para o seu futuro tiña o que alí se debatía e que demostrou cunha afluencia masiva e cun comportamento exemplar e respectuoso que lle interesa o devir do seu concello.

Dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide, como parte organizadora do debate electoral xunto con Crónicas da Comarca, tan só agardamos que este evento sente precedente e que o intercambio público de ideas entre partidos deixe de ser unha novidade para converterse nunha práctica habitual.

- HOGAR
- AUTOMÓVIL
- EMBARCACIONES
- COMERCIOS
- OFICINAS
- PYMES
- CONSTRUCCIÓN
- TRANSPORTES DE MERCANCÍAS
- RESPONSABILIDAD CIVIL
- ACCIDENTES
- VIDA
- SALUD / ENFERMEDAD
- DECESOS / TELEASISTENCIA
- AHORRO / INVERSIÓN / DEPÓSITOS / PENSIONES / RENTAS



Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide

Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com



PP: o aval dunha boa xestión para seguir gobernando e facer un Melide "máis grande"



1. Ánxeles Vázquez Mejuto
Licenciada en Historia e Xeografía



2. Pablo Costoya
Gandeiro



3. Mª Rosa Cabado
Empresaria



4. José Luis Arias
Empregado banca



5. Dolores Gómez
Mestra



6. Mª Jesús López
Cs. da Educación



7. Benito Nebril
Médico de familia



8. Dalia García
Investigadora USC



9. Rolando Mejuto
Empregado



10. Yolanda Pérez
Técnica deportiva



11. Daniel Blanco
Mecánico



12. José A. Barreiro
Taxista



13. María Carmuega
Empregada

Tras catro anos de goberno e coas eleccións á volta da esquina, o Partido Popular preséntase aos comicios coa sensación do deber cumprido e o convencemento de que a veciñanza saberá valorar o traballo realizado durante unha lexislatura que estivo marcada "polas dificultades e o peor da crise económica". "Houbo moito que remar para enderezar un barco á deriva", asegura Ánxeles Vázquez, líder do PP local e aspirante a renovar na alcaldía.

Como aval da súa solvencia á fronte dos asuntos municipais, o PP destaca con maiúsculas a xestión económica na súa carta de presentación ante os melidenses. Así foi tamén no acto que serviu para dar a coñecer a candidatura e ao que asistiron máis de 300 persoas. No transcurso do mesmo, o actual concelleiro de facenda e número catro da candidatura, Luis Arias, foi debullando un a un os "logros" conseguidos nesta lexislatura, que permitiron, segundo o PP, que Melide pasara de estar entre os concellos galegos máis endebedados a ser o sétimo de Galicia máis saneado.

Arias relatou os "esforzos" que houbo que facer "para levar o concello pola senda da recuperación económica" tras atopalo "con riscos de sufrir cortes no subministro eléctrico porque se debían 589.000 euros en facturas de luz". Segundo explicou o candidato "Melide deixou de ser un problema para os provedores e agora é un bo cliente", afirmación que apoiou con datos: "do millón de euros en facturas pendentes que había en 2011, atopamos que a día de hoxe están todas pagadas". Arias fixo fincapé tamén no volume de débeda bancaria, que de acordo coa información exposta ascendía a 2.492.000 euros en 2011 e se sitúa a 1 de xaneiro de 2015 en 732.000 euros. "Collemos un concello enfermo e comeza a ter boa saúde", concluíu o edil de facenda, "non podemos permitir que volva caer en mans do BNG e do PSOE, porque serían catro anos perdidos".

O presidente da Deputación, Diego Calvo, que quixo arroupar aos populares melidenses na súa presentación, continuou coas analogías sanitarias para asegurar que "nesta lexislatura Melide saíu da UVI" e

para presentar o goberno de Ánxeles Vázquez como "un exemplo de como hai que facer as cousas". Ao fío, proseguíu loando a capacidade da actual rexedora "para poñer orde nunha casa desordenada dicindo a verdade dende o primeiro momento. Iso é facer o que había que facer, aínda que ás veces non sexa grato". Tamén a conselleira do medio rural, Rosa Quintana, presente no acto, aludiu á situación coa que se tivo que afrontar o PP de Melide: "estamos pagando as copas ás que outros invitaron", dixo.

Un novo reto

"Se estou aquí é porque teño o convencemento de que aínda se pode facer moito por Melide". Para Ánxeles Vázquez presentarse á reelección e encabezar un equipo de 22 persoas "que perseguen que Melide sexa máis grande" supón "un novo reto e unha nova responsabilidade". Así o expresou ante os simpatizantes ao comezo dunha intervención centrada en repasar os investimentos e as obras realizadas durante o seu mandato, o que puxo como exemplo de é posible "seguir medrando" ao tempo que se reduce débeda.

Destacou que agora Melide ten unha escola infantil "de luxo" con todas as prazas cubertas e aproveitou para aclarar que "non se vai pechar a gardería municipal". Mencionou tamén a ampliación da residencia dos maiores, con 38 novas prazas "para melidenses" e recordou que se puxo en marcha un viveiro de empresas e se realizaron dous obradoiros de emprego, momento que aproveitou para criticar aos seus adversarios políticos: "segundo o PSOE e o BNG facémolos para enchufar aos amigos, pois algúns dos que entraron nos obradoiros ían nas listas deles". Tamén na mesma liña defendeu a xestión do departamento de obras: "o fácil e quitar unha foto co móbil e subila ao Facebook para dicir que hai moitos baches. Cantos baches non levaríamos tapado cos tres millóns de euros de débeda que deixaron? Podíamos facer unha autovía!".

Precisamente a autovía é unha das grandes infraestruturas que prevén acadar nun posible segundo mandato, xunto cun novo centro de saúde.



MELIDE

CERNE 112. Maio 2015

5



24-M

POR **TODO** o que importa
Melide 2015



VOTA
Ánxeles
Vázquez



ELIXE futuro





BNG: gobernar “sen caciquismo”, facendo da política un medio ao servizo da cidadanía

A candidatura nacionalista de Melide preséntase ás eleccións municipais como “unha opción de presente e de futuro” que persegue sacar ao concello “destes catro anos de escuridade, de retroceso, de amiguismo, de enchufismo e de caciquismo”. Con esta rotundidade se expresou o número un dos nacionalistas melidenses, Xosé Igrexas, durante a presentación do seu equipo, unha lista “moi renovada” e integrada por persoas “comprometidas, con ampla experiencia e probada capacidade”.

Igrexas debuxou un panorama desolador para Melide tras unha lexislatura de goberno popular na que, segundo enumerou, aumentou a presión fiscal, foron privatizados servizos sen que os gastos diminuíran, caeu o nivel de investimentos e se deixaron abandonadas numerosas instalacións municipais. Como exemplo da “nefasta” xestión do PP, o candidato nacionalista á alcaldía referiuse ao centro de saúde: “en 2011 xa dixeron que ían facer un novo. Catro anos despois non foron capaces de colocar nin unha soa pedra”, dixo Igrexas, “así goberna o PP de Ánxeles Vázquez: medran os amigos e o resto seguimos na mesma de sempre”.

Nesta última idea incidíu o número 2 da candidatura, Xosé María Santín, quen expresou o seu convencemento de que “hai outra maneira de facer as cousas neste pobo” e atacou o modus operandi dos populares: “todos, dende o primeiro ao último, comulgan con esa forma caciquil de facer política; ter o carné do PP abre as portas pechadas para moitos de vós”, sentenciou dirixíndose ás preto de 250 persoas que se congregaron no auditorio da Casa da Cultura. A isto, e referíndose ao actual goberno municipal, engadiu que “neste pobo estannos a tomar o pelo; somos ovellas en mans de pastores dispostos a mentir polos seus propios intereses”.

Como contrapunto, presentou ao seu compañeiro de filas como “o mellor alcalde que pode ter Melide”, afirmación que xustificou en que “entende a política como unha ferramenta ao servizo da cidadanía e non para controlar a sociedade”. Igrexas recolleu o guante lanzado por Santín para asegurar que o BNG “quere un

Melide sen fronteiras entre veciños e veciñas, no que as persoas poidan traballar sen mirar que ideas defenden, sen medo a represalias”.

Programa de goberno

De acceder á alcaldía, a candidatura do BNG ten pensado desenvolver a súa acción de goberno en base a cinco grandes eixos, que son os que vertebran o seu programa electoral. O primeiro deles é a transparencia: “acabouse gobernar por capricho, facer e desfacer sen que ninguén se entere”, sinalou Igrexas, “queremos unha xestión transparente, participativa e sobre todo igual para todos e todas”. Nesa liña, comprometeuse a aprobar un Regulamento de Participación Veciñal e Orzamentos Participativos “para que todos participemos do goberno do pobo”.

O segundo eixo será o comercio local, para o que se contemplan dende o BNG campañas de promoción e liñas de axudas para emprendedores xunto coa aposta por un turismo “sostible e de calidade” no que se aproveite o potencial dos monumentos, da historia e dos recursos naturais. “Non queremos pan para hoxe e fame para mañá”, dixo Igrexas.

Outro dos puntos nucleares do programa de goberno dos nacionalistas é a cultura, que ao seu xuízo se debe facer “contando co pobo e non de costas a el”. En relación con isto o candidato do BNG argumentou que “nos últimos catro anos vimos como en máis dunha ocasión se empregou a cultura para facer política e enfrontar aos veciños”. Neste eido prometen crear un Consello Municipal de Cultura para fomentar o asociacionismo e implicar ás diferentes entidades da vila na organización de actividades.

O cuarto eixo do programa nacionalista é a aposta polos servizos públicos. Propóñense recuperar para a xestión municipal aqueles que foron privatizados baixo o goberno do PP, ao tempo que prometen poñer en marcha un servizo de teleasistencia, xantar e lavandería no fogar. Non menos importante é o quinto eixo, presentado baixo o título “un rural vivo”. Para o BNG “as parroquias no poden quedar abandonadas, teñen que ser entidades vivas e crear emprego”.



**BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO**

1. Xosé Igrexas García
Licenciado en Humanidades e mestre



2. José Mª Santín
Neurocirurxián



3. Concepción López
Autónoma



4. Adrián Iglesias
Admón. Empresas



5. Alejandra Blanco
Mestra



6. Zeltia Laya
Lic. en Filosofía



7. Pablo Villasante
Estudiante



8. Dalia Núñez
Mestra



9. Mª Luz Martínez
Desempregada



10. Xesús Mª Jubón
Lic. en Económicas



11. Gutier González
Protésico dental



12. Carmen Liñeira
Dipl. Traballo Social



13. Manuel Souto
Lic. en Filoloxía

PUBLICIDADE



AHORA EN MELIDE MULTIÓPTICAS

Tábora

Nº1 en
servicios
ópticos



Abrimos los sábados por la mañana

Multiópticas Tábora
Ronda da Coruña, 20 Bajo
15800 Melide - A Coruña
Tlfn.: 981 50 51 99

***Multiópticas y
Microaudio***

PSOE: medidas “realistas e realizables” para acabar coa política “de amigos e de recortes”

Os socialistas de Melide acoden ás eleccións do 24 de maio cun novo rostro como cabeza de cartel, o de José Antonio Prado, e cunha candidatura tamén renovada e integrada por persoas que chegan á política “coas mans libres e moita ilusión”. Tras facer unha transición “tranquila e ordenada”, tal e como a definiu o propio candidato á alcaldía, o PSOE preséntase ante a veciñanza como a alternativa de goberno necesaria para frear “a onda de recortes, de corrupción e de política sen sentido”.

Indo máis alá, Prado proclama tamén que é momento de rematar cunha forma concreta de gobernar, a do PP local, que se basea “na mala educación e no desprezo” e na que “a discrepancia se entende como unha ofensa”. Esa é a actitude que segundo o líder dos socialistas mantivo o equipo de goberno durante catro anos ante as críticas da oposición: “a política deles consiste en botarlle a culpa aos demais”, dixo, “denunciamos a situación lamentable das rúas e das pistas e dixeron que era porque chovía moito; denunciámos un vertido de augas fecais de 300 metros cadrados a carón do IES e dixeron que eramos uns mentireiros aínda cando tiñan constancia del dende había tres meses”.

Nese estilo propio de xestionar ao que alude Prado, inclúese ademais, segundo el, o amiguismo: “empresas relacionadas co equipo de goberno facturan máis ca outras”. E as mentiras, como as que di que emprega o PP para manipular os datos sobre a débeda municipal e gafar a xestión económica do bipartito: “a débeda que está pagando Ánxeles Vázquez é a que ela deixou en 2006, cando había 46 concellos galegos en risco de insolvencia e un deles era Melide”, explicou o candidato socialista para continuar dicindo que “o único que se lle pode botar en cara ao bipartito é que mantivo estable o nivel de débeda, que no ano 2011 era a mesma ca no ano 2007”.

Con todo, o principal foco de críticas dos socialistas é o centro de saúde, unha infraestrutura coa que, a xuízo de José Antonio Prado, “a alcaldesa perdeu a oportunidade de demostrar o seu compromiso con Melide presentándose en Santiago e

esixindo a construción dun novo. Por que non o fixo? Porque se preocupa máis polos intereses do PP ca polos dos veciños de Melide”.

Programa de goberno

De chegaren á alcaldía, a acción de goberno dos socialistas basearase nunha serie de premisas “realistas e realizables que no ámbito do emprego e da economía presentan como principal novidade a creación dunha Oficina Municipal de Análise e Desenvolvemento, que Prado define como “unha especie de departamento de I+D+I no que se cubrirán as áreas das novas tecnoloxías, o medio rural e o turismo, porque teñen moitas posibilidades de desenvolvemento”. E engade sobre dita iniciativa que “calquera decisión que tomase un goberno dirixido por min tería que pasar por esa oficina para estudar a súa viabilidade, a súa conveniencia e a súa planificación; hai que deixar de improvisar”.

No horizonte dos socialistas está tamén intentar aprobar o PXOM, unha medida que consideran imprescindible para mellor aproveitar as potencialidades de Melide: “O PP levábo entre as súas promesas electorais e non foron capaces de facelo en catro anos porque iso ten un custo electoral e a eles eses cousas non lles interesan”, dixo o candidato á alcaldía. Do mesmo xeito consideran que tamén hai que traballar mellor o Camiño de Santiago, no que ven “un foco de desenvolvemento”, e propoñen facer un plan de feiras e mercados para o aproveitamento do Pazo de Congrosos.

Noutra orde de cousas, anuncian que aprobarán unha Ordenanza de Transparencia Municipal “que vai facer que a xente poida acceder ás contas municipais en tempo real a través de internet e que poida participar naquello que lle interesa”. Se gobernan, os socialistas tamén teñen previsto facer unha auditoría de todos os servizos que están privatizados para valorar se son rendibles e para rescatalos en caso de que o consideren necesario. O programa tamén contempla un incremento nas dotacións para situacións de emerxencia social, “porque hai xente que o pasa mal”, asegura Prado, “e nós queremos estar ao lado desas persoas”.



1. José Antonio Prado García
Funcionario do Estado



2. Mª Jesús Iglesias
Avogada



3. Mónica Barral
Enfermeira



4. Yolanda López
Educatora social



5. Miguel Ayude
Técnico forestal



6. Begoña Vázquez
Xerontoloxía



7. J. Ángel López
Empresario



8. Liliana Méndez
Fisioterapeuta



9. José A. Mato
Empregado



10. Pablo Míguez
Empregado



11. Gonzalo Sanmartín
Xubilado



12. Virtudes Segade
Empregada



13. Juan J. Seoane
Empresario



MELIDE

CERNE 112. Maio 2015

9




Socialistas
MELIDE

VOTA
PSG
PSOE

**JOSÉ A.
PRADO**
/////////
ALCALDÍA DE
MELIDE



- POLO EMPREGO E A ECONOMÍA...
- POLAS POLÍTICAS SOCIAIS...
- POLA TRANSPARENCIA MUNICIPAL
E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ...

POR CAMBIAR MELIDE



PP: retomar proxectos e impulsar outros novos para poñer fin “a catro anos de estancamento”



Ovidio Leiva Pereiro concorre de novo ás eleccións municipais como cabeza de cartel do Partido Popular con dous obxectivos principais: sacar adiante novos proxectos “que proporcionen benestar e riqueza para os veciños” de Santiso e retomar aqueles que xa estaban en marcha á súa saída do goberno municipal en 2011 e que “tras catro anos de estancamento seguen paralizados”.

O candidato popular ve na lexislatura que agora remata un tempo perdido e ataca a xestión realizada polo tripartito, que segundo Leiva se baseou en “subir impostos e procurar os seus soldos”. Así o manifestou o líder do PP ante as ducias de persoas que se congregaron no patio do Pazo de Vilar de Ferreiros para asistir á presentación da candidatura e ao mitin inicial de campaña: “Santiso non se pode permitir iso, asegurou Leiva Pereiro, “tivemos dúas persoas cobrando por ser alcaldes e outra máis por non facer nada. Houbo desacordos entre eles pero ao final de mes cobraban igual e as disputas quedaron en nada. E sentenciou dicindo que “se goberna o PP non volverá haber dous alcaldes”.

Tamén a conselleira de Traballo e Benestar, que quixo arroupar aos populares de Santiso na súa presentación, apelou á necesidade de evitar un novo goberno de coalición. Beatriz Mato asegurou que “fronte á poxa de cadeiras e de cargos nós ofrecemos estabilidade, cun equipo previsible e sen sobressaltos que non estará pendente da chamada doutro partido”. Mato referiuse á candidatura de Santiso como un equipo formado “por xente traballadora que vai poñer aos veciños por enriba de todo” e puxo a Ovidio Leiva como un exemplo de honestidade, “esa palabra que están empeñados en sacar do vocabulario e que tanto define ao PP, dixo.

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, tamén presente no acto, referiuse aos beneficios que tería un goberno popular para Santiso e ás

posibilidades de colaboración que se abrirían entre os dous concellos: “temos que apoiarnos e se somos do mesmo partido iranos mellor e faremos máis cousas”. Ao mesmo tempo alertou dos perigos dos gobernos de coalición: “andan sempre danzando; é moi complicado traballar así e os que máis perdedes sodes vós”, dixo dirixíndose á veciñanza.

As prioridades de goberno

Na súa intervención Ovidio Leiva aproveitou para presentar as principais liñas de acción que poñerá en marcha se accede á alcaldía, unhas propostas que se agrupan en tres eixos: obras e servizos, economía e asuntos sociais.

Dentro do primeiro capítulo destaca a construción dun cemiterio municipal nunha parcela de 5.500 metros cadrados sobrance da concentración de fincas en Pezobrés-Liñares. Tamén prometen habilitar a escola de Ribadulla para construír “un velorio parroquial público”. Outra das intencións é poñer a andar a maquinaria para asfaltar que se mercou durante a súa etapa de goberno e que na última lexislatura “non se usou para nada”. Leiva asegura que se aforrarán cartos creando “un equipo para o rebacheo de urxencia no concello”. Outra das prioridades será continuar coa traída pública de augas.

Por outra banda, e xa na liña dos servizos sociais, dende o PP de Santiso prometen que solicitarán a desafectación da escola de Visantoña para crear nela un centro de día no que poidan ser atendidos os maiores do Concello. Tamén consideran de vital importancia impulsar o proxecto de construción de vivendas sociais en Arcediago e Visantoña.

Outro dos proxectos destacados do seu programa electoral é a creación dunha sociedade mercantil para mozos menores de 30 anos dedicada ao cultivo agrícola, hortícola e de xardinería. Esta medida, coa que se pretende favorecer a produción no sector primario, incluírá tamén a formación da mocidade e o asesoramento necesario para crear dita sociedade. Tamén pensando en sacar maior produtividade do terreo, dende o PP prometen levar auga para regar a todas as parroquias do concello.



Ovidio Leiva durante o mitin do PP no Pazo de Vilar de Ferreiros

Candidatura PP Santiso



1. Ovidio Leiva
Industrial



2. Matilde Pallares
Administrativa



3. Begoña Iglesias
Aux. administrativa



4. Mª Carmen Seijas
Funcionaria



5. Ramiro Camino
Construtor



6. J. Manuel Sexto
Empresario



7. Mª Luz García
Visitadora médica



8. Bruno López
Estudante



9. Jesús Penas
Agricultor

VOTA POR **TUDO** o que importa



Ovidio
Leiva Pereiro
SANTISO 2015



POPULARES
de Galicia

BNG: facer política “cos pés na terra”, dende o pragmatismo e garantindo calidade de vida



O BNG de Santiso apostou de novo por Manuel Adán para encabezar a súa candidatura e revalidar a alcaldía. Os nacionalistas aseguran que se presentan ás eleccións avalados polo moito traballo que deixan feito nos seus dous anos á fronte do goberno municipal pero sendo conscientes de que “aínda queda moito por facer”. É por iso que apelan de novo á confianza dos veciños e veciñas para poder consolidar o proxecto político e social que deseñaron para Santiso.

No que respecta ao cabeza de lista, Adán asegura ter “as ideas claras”, froito da experiencia acumulada neste tempo como rexedor, e presenta un programa baseado nunha máxima que, segundo el mesmo explica, consiste en “ir sobre seguro e sempre cos pés na terra”. Nese sentido e, consciente das limitacións económicas dos pequenos concellos, descarta “grandes obras” e anuncia que centrará os esforzos en manter a calidade de vida da veciñanza “conservando e tratando de mellorar” os servizos que se prestan dende o Concello. “Unha vez que estás metido nesta guerra dáste de conta que o básico é conservar o que hai”, explica, “porque non existe maneira de facer grandes cousas con fondos propios”.

O candidato nacionalista defende a práctica dunha política realista e pragmática, contándolle á veciñanza a realidade das cousas: “nós pretendemos en moitas ocasións construír un punto limpo, e supoño que seguirá indo nalgúns programas electorais”, comenta, “pero a día de hoxe



Manuel Adán repite como candidato do BNG de Santiso á alcaldía

Candidatura BNG Santiso

- 1.- MANUEL ADÁN LÓPEZ
- 2.- SARA MATO AGRA
- 3.- PABLO BALBOA ORO
- 4.- DAVID FERNÁNDEZ CARRIL
- 5.- JAVIER RODRÍGUEZ LAYA
- 6.- IRIA ADÁN PENAS
- 7.- OTILIA CHORÉN ROCA
- 8.- JESÚS REGUEIRO GLEZ.
- 9.- LUIS ROIBÁS LÓPEZ

SUPLENTES:

- 10.- MERCEDES CASAL CÓMEZ
- 11.- J. LUIS VÁZQUEZ MÉNDEZ
- 12.- LUCRECIA MÉNDEZ SILVA
- 13.- J. LUIS MRTNEZ. BARRAGÁNS
- 14.- MARIO CARREIRA VÁZQUEZ
- 15.- SERGIO PATIÑO RÍO
- 16.- IVÁN QUINTELA MARTÍNEZ
- 17.- VANESA SÁNCHEZ CARRIL
- 18.- ANA MOURIÑO COSTA
- 19.- GONZALO CORDIDO AGRA

eu doume de conta que é máis efectivo o que estamos facendo nós agora mesmo; que é prestar un servizo de recollida a domicilio un par de veces ao ano e pagarlle a unha empresa para que xestione os residuos. Cústalle menos ao Concello e para o veciño é máis cómodo”.

Tendo como base esa forma de gobernar, o BNG de Santiso non renuncia ás infraestruturas, pero promete abordalas dende a responsabilidade coas arcas municipais e “en colaboración coa iniciativa privada”. Como exemplo, o líder dos nacionalistas de Santiso pon o tanatorio que

xa se comezou a construír en Agro do Chao: “a día de hoxe sería inasumible para nós enfrontarnos a esa obra con todo o que custa. E non só é construílo, senón xestionalo e mantelo, que aínda costa máis”.

Xunto co tanatorio, a creación dunha urbanización de

chalés en Beigondo ou a construción dunha fábrica de biomasa para producir enerxía, son outros exemplos de colaboración coa iniciativa privada que figuran no seu programa electoral e aos que o BNG lles dará un empurrón definitivo se revalida a alcaldía.

Outro dos compromisos que asume o BNG é dar remate ao muro de Chorén, cuxa terceira fase falta por completar. Tamén prevén cederlle as escolas en desuso de Visantón ao centro de formación deportiva Escuela Ayude: “teñen falta de espazo e ofrecerémolles as nosas instalacións para que incrementen e diversifiquen as súas actividades”.

Renovación da lista

No equipo que se encargará de sacar adiante proxectos coma estes estarán moitas caras novas: “tivemos unha renovación moi grande na lista”, explica Adán, “só mantivemos a cinco persoas das 19 que somos e procuramos que estivesen representadas todas as parroquias”. O motivo é claro: “fixémola así coa idea de chegar a todos os currunchos, porque a xente que vai nas listas é a que nos servirá para transmitir as necesidades de cada lugar”.

O obxectivo dos membros da candidatura é lograr unha maioría suficiente “para gobernar en solitario”, aínda que tampouco rexeitan a idea de volver a pactar se é preciso, tendo en conta que estes catro anos formando parte dun goberno de coalición foron “unha boa experiencia”. Así os define Manuel Adán, quen cre que “como en todos os gobernos, hai que traballar moito no terreo persoal, porque ao final é máis unha cuestión de persoas ca de ideoloxías. No concello de Santiso non se decide se ampliamos os supostos do aborto...”. De ser preciso o pacto, xa ten moi claro as cartas que vai xogar: “sería co PSOE, non se me pasa pola cabeza pactar co PP”.



PSOE: o momento de gobernar sen lastres e de traballar “dende a experiencia adquirida”



“A motivación para volver a presentarme é o meu equipo”. Con estas palabras Fernando Suárez Cortiñas facía pública a intención de optar á reelección como alcalde de Santiso encabezando a lista socialista. “Estamos aquí para traballar, porque iso é o mellor que lle podemos dar a este concello. Temos moita ilusión e creo que podemos facer un bo papel”, dixo ante as dúcias de simpatizantes que participaron en Arcediago na que foi a primeira presentación de candidatura da comarca.

No que definiu como un día moi importante para min”, Suárez Cortiñas presentou o seu equipo como “unha mestura de veteranía e algo de xuventude” o que, ao seu xuízo, “é a clave para que unha candidatura funcione”. Nese sentido, referiuse á importancia de ter experiencia no eido da política municipal e destacou a presenza na lista de tres persoas que xa foron concelleiros con anterioridade: Inés Cagide, José Montero e o propio Fernando Suárez, que presentou os seus dous anos a fronte da alcaldía como aval para a próxima lexislatura: “traballei arreo, aprendín, e agora xa sei moito máis do que sabía cando cheguei ao goberno”, explicou.

De revalidar a alcaldía, Suárez promete seguir realizando unha política “comprometida” co municipio e cos seus habitantes: “son de Santiso de toda a vida e sempre pretendín que viñera o mellor para aquí”, asegurou ante os simpatizantes ao tempo que botou man da sinceridade para recoñecer que durante a súa etapa de goberno quedaron algúns proxectos no tinteiro: “sinto non ter feito máis por Santiso”, lamentou, “un chega pensando que vai avanzar e eu non avancei todo o que quixera”. Cuestión de tempo e de atrancos, non de falta de intención, segundo explicou Suárez, quen asegura que “as cousas non saen ao golpe” e que o PSOE gobernou nos dous peores anos que nos puideron tocar porque viñan

moitas cousas de atrás”.

Con todo, o candidato socialista móstrase satisfeito por ter superadas as dificultades e amósase convencido da boa xestión que realizou o tripartito nestes catro anos: “agora estamos facendo moito máis porque empezamos a ver o día”. Como exemplo, enumerou algúns proxectos para Santiso nos que se traballou e que están en vías de ser realidade: “está o proxecto feito e a licenza dada para facer un tanatorio, está apalabrado o centro de día e temos contactos moi fortes para construír unha planta de biomasa”.

Programa de goberno

Precisamente a creación da planta de biomasa é un dos obxectivos capitais cos que se presenta o PSOE de Santiso ás eleccións. A iniciativa, coa que se pretende “facilitar a limpeza do monte, crear postos de traballo e previr incendios” súmase a outras pensadas para o sector agrario como a potenciación da agricultura ecolóxica ou o apoio aos gandeiros e agricultores máis novos “para a creación de actividades e proxectos innovadores e melloras dos xa existentes”.

O emprego será outros dos principais eixos de goberno dos socialistas. Neste eido propoñen crear un centro de formación continua “para facilitar a incorporación das persoas desempregadas ó mercado laboral nos sectores que máis demanda de traballo precisen e impulsar a creación dun parque empresarial para que novas empresas se asenten en Santiso, axudándolles e facilitándolles todo o que precisen”.

En materia de cultura e deportes, destaca a intención de desenvolver un programa cultural “estable e continuado” en colaboración coas asociacións culturais existentes no Concello, para as que tamén pretenden habilitar un servizo de préstamo de materiais. Outras medidas destacadas do programa socialista son a creación dun centro de día para maiores con transporte público incluído, a construción de vivendas sociais, a construción dun punto limpo, a colaboración con concellos limítrofes para a prestación de servizos básicos ou o equipamento e a mellora das instalacións deportivas do municipio.



Os socialistas de Santiso diante da sede municipal, en Arcediago

Candidatura PSOE Santiso



1. Fernando Suárez
Funcionario



2. Begoña López
Avogada



3. José García
Perito agrícola



4. Mario Varela
Empresario



5. José Rúa
Empresario



6. Ángeles Santos
Estudiante



7. José Buján
Empregado



8. Christian Seoane
Empregado



9. Víctor Panadeiros
Gandeiro



PP: unión de fuerzas para lograr unha maioría sólida e gobernar “por todo o que importa”



José Antonio Castro Fraga encabeza a lista dos populares de Toques co obxectivo de lograr unha vitoria contundente que lle permita desenvolver con liberdade o seu proxecto político: “a nós non nos chega con ganar, temos que facelo con maioría absoluta. E canto máis absoluta sexa, mellor, porque maior peso político teremos para chamar ás portas das institucións”, dixo ante os veciños que acudiron ao mitin central de campaña, celebrado o 14 de maio no Multiusos de Souto.

Nesa mesma idea incidiu o presidente da Deputación, Diego Calvo, que quixo apoiar coa súa presenza ao candidato popular: “estou convencido de que o PP de Toques vai obter unha vitoria clara pero non hai que confiarse”, dixo apelando á mobilización do electorado para logo continuar asegurando que “o único obxectivo do BNG e do PSOE é que non goberne o PP e se tiveran a posibilidade íano facer; aliarse para que non gobernemos”.

Fronte ao escuro escenario que debuxou ante un hipotético bipartito PSOE-BNG, Diego Calvo referiuse ao actual goberno de Toques (PP e XCPT) como unha “coalición modélica” e un exemplo “de poñer os intereses dos veciños por encima do partido”; unha boa sintonía que derivou na integración dos independentes dentro das filas populares.

“Empezaron con dous partidos e souberon dende o minuto un que o importante era gobernar Toques”, sinalou o mandatario provincial, “non deron nin un só titular de prensa por discrepancias porque aquí pensouse no concello e non no sillón de cada un. Cando chegaron as eleccións acordaron que o mellor era ir unidos, porque a unión é o que define ao PP e porque unidos imos ter máis forza”.

Balance positivo

Por outra banda o presidente da Deputación destacou o traballo feito polo equipo de goberno de Toques nesta lexislatura “a pesar de que o

orçamento é limitado e de que tiveses os catro peores anos para sacar adiante iniciativas, porque as necesidades dos veciños eran máis e os recursos menos”, dixo para despois engadir que “hai partidos aos que non lles gusta facer balance porque non teñen nada que contar, pero vós cumpristes e pasastes con nota”.

Tamén o candidato á alcaldía, José Antonio Castro, fixo referencia aos tempos difíciles nos que lles tocou gobernar e ás estreitezas económicas: “houbo que medir moi ben os euros para chegar a fin de ano”. Neste sentido, mostrouse orgulloso da xestión realizada, con medidas de axuste como o cambio das antigas luminarias por outras máis eficientes que, segundo explicou, permiten aforrar 6.000 euros ao ano na factura da luz. “Esa é a maneira de facer que funcione un Concello cun presuposto que non chega ao millón de euros”, dixo Castro Fraga ao tempo que avanzou que, de revalidar a alcaldía, seguirá “a mesma liña de acción” nos próximos catro anos. Isto é: “traballando arreo” e reducindo gastos. Como exemplo, adiantou que intensificará as negociacións coa empresa Espina & Delfín para conseguir un aforro de 12.000 euros ao ano polo servizo da auga.

No programa electoral dos populares de Toques destacan tamén investimentos por valor de 900.000 euros en obras que se van acometer ao longo de 2015, entre elas algunhas “de vital importancia” como o ensanche de pistas en Piñeiro e Prados. Tamén avanzaron que, tras adquirir a Aula da Natureza, se poñerá en marcha no mes de agosto unha feira de produtos da terra. Outro dos aspectos nos que centrarán os seus esforzos será o turismo: “se cadra en Toques non o sabemos valorar, pero temos un dos pobos máis bonitos de Galicia”, asegurou o candidato á alcaldía.

Durante o acto, os populares fixeron un repaso por algúns dos logros conseguidos no seu mandato en materia de cultura e deporte, servizos sociais ou medio rural, co incremento do parque de maquinaria para manter en boas condicións pistas e camiños.

“Fixemos unha política igualitaria sen discriminar parroquias nin veciños. Gobernamos para todos”, concluíu José Antonio Castro.



Intervención de José A. Castro no mitin celebrado no Multiusos

Candidatura PP Toques



1. José A. Castro
Empresario



2. Jorge Calvo
Médico



3. Mónica Penas
Gandeira



4. Arturo Penas
Albanel



5. Fco. Javier Sueiro
Gandeiro



6. Ana Mato
Avogada



7. José Luis García
Gandeiro



8. Anselmo Villamor
Xubilado



9. Manuel Casal
Gandeiro

VOTA POR **TUDO** ^o que importa



Jose Antonio
Castro Fraga

TOQUES 2015



POPULARES
de Galicia



BNG: poñer fin a unha etapa de “desgobierno” e apostar pola planificación e a xestión eficaz



O BNG de Toques ve nas vindeiras eleccións municipais unha oportunidade de ouro para cambiar o rumbo do Concello despois “dunha lexislatura perdida” que ao seu xuízo se caracterizou “por unha xestión ineficiente, pola falta de planificación e polo desleixo absoluto” respecto dos temas que afectan ás necesidades da veciñanza.

Para os nacionalistas, o desgobierno e a política “de medidas aleatorias” que denuncian vense producindo dende o inicio mesmo da lexislatura a causa dun bipartito formado por PP e XCPT que insisten en definir como “unha alianza estratéxica de inimigos irreconciliables” que se produciu “ás costas de todo o mundo” e que deixou aos veciños “sorprendidos e fortemente indignados”.

Para a número 7 da candidatura nacionalista, Iria Buxán, isto representa “unha falta clara de firmeza nas ideas” que se traduce, indica, en inestabilidade no goberno e falta de planificación: “houbo investimentos en proxectos de moitísimos cartos que nin sequera están rematados nin teñen un obxectivo final”, comenta, “parece que as cousas se fan a golpe de subvención e a golpe de última hora”.

Máis contundente aínda se amosa o número 1 da candidatura do BNG, José Ángel Penas, quen asegura con rotundidade que “os catro proxectos que fixeron foron chapuzas; gastaron moreas de cartos e ao final nada funciona”. Algúns deses proxectos aos que se refire foron o cabalo de batalla dos nacionalistas dende a oposición. A día



Integrantes da candidatura do BNG de Toques diante da casa consistorial

Candidatura BNG Toques

- 1.- JOSÉ ÁNGEL PENAS GARCÍA
- 2.- JOSÉ MANUEL LABANDEIRA PUGA
- 3.- YOLANDA CABADO SUEIRO
- 4.- MARCOS VILLAMOR ÁLVAREZ
- 5.- MARÍA LUISA VÁZQUEZ GARCÍA
- 6.- JOSÉ ANTONIO OTERO PRADO
- 7.- IRIA BUXÁN RAPOSO
- 8.- MARÍA MERCEDES RAPOSO BUJÁN
- 9.- MATEO MARTÍNEZ VARELA

de hoxe recóllense nun boletín informativo que, aproveitando a campaña electoral, estivo a repartir o BNG polas casas do concello. Entre eles figura o albergue municipal, no que os nacionalistas aseguran que se investiron 300.000 euros para seguir pechado catro anos despois.

Tamén se refiren á aula da natureza, da que din literalmente que “despois dos cartos gastados, segue podendo chea de ordenadores en caixas, mobiliario sen estrear e mesmo unha caldeira de calefacción na súa embalaxe orixinal”. Advirten ademais que as rutas de sendeirismo

están a piques de perder a homologación por adxudicarlle a súa execución a unha empresa “escollida sen publicidade, que desvelou un descoñecemento brutal do sector do turismo” e que executou o proxecto “con graves deficiencias”.

Na batería de denuncias

realizadas polos nacionalistas tamén está o incremento da débeda. Segundo o candidato á alcaldía, “tiñamos aínda pendentes 50.000 euros e como tiñan que facer campaña electoral metéronse noutro préstamo da Deputación, co cal a débeda ascende a case 300.000 euros”.

A alternativa

Fronte a todo iso o BNG ofrece, din eles mesmos, “ideas claras, un grupo cohesionado e estabilidade”. Segundo explica Iria Buxán, “non se trata de facer grandes políticas nin de ser estadistas, pero si que a xestión diaria se faga ben, manter equilibrados os niveis de ingresos e gastos e satisfacer o prioritario, as necesidades reais dos veciños”. A isto Marcos Villamor, concelleiro durante a última lexislatura que repite como membro da candidatura, engade que “non imos prometer nada que non se poida facer. Aquí hai catro anos ata prometeron que ían endereitar curvas... hai que ser serios”.

Precisamente esta última palabra é a que empregan os nacionalistas para referirse ao seu programa electoral, que presentan como un conxunto de propostas “para un goberno forte e serio”. Proponen, entre outras medidas, elaborar un Plan de Desenvolvemento Local para fomentar o cooperativismo e o apoio ás empresas que completen o ciclo produtivo en Toques. En materia social prometen reclamar o servizo dunha ambulancia medicalizada e “poñer a funcionar” o centro multiusos con actividades para os maiores e a xuventude.

Outras medidas que pretenden poñer en marcha son as concentracións parcelarias, a modificación do PXOM ou a dotación de partidas orzamentarias para axudas ás traídas de augas veciñais. Crear unha rede de saneamento en todos os núcleos rurais para recoller as augas pluviais será “un obxectivo prioritario”.



TOQUES

CERNE 112. Maio 2015

17



Toques — Depende de Nós Vota



José Ángel
Penas García



**HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE** ★ ★ ★

Tlf : 982 153 232 / 679 035 713



piscina activa mineral medicinal



IMPRENTA

eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

PSOE: propostas viables e realizables coas que recuperar a ilusión e o orgullo de ser de Toques



No programa electoral co que os socialistas de Toques concorren ás eleccións municipais hai algo máis ca proxectos concretos para darlle ao concello “un novo impulso participativo, creativo e ilusionante”. Hai tamén unha clara intención; a de “elevar a moral da xente ata o punto de que todos e todas nos sintamos orgullosos de ser de Toques”.

Baixo esa premisa Miguel Buján Varela regresa á política acompañado “dun equipo fenomenal” para encabezar a lista do PSOE local e “continuar aquela tarefa” que iniciou hai xa dúas lexislaturas cando foi alcalde do municipio. Nun encontro coa veciñanza celebrado o 15 de maio no restaurante Xaneiro, Buján foi debullando as prioridades da súa acción de goberno, propostas “viáveis e realizables” que pasan fundamentalmente polo apoio ao agro, a creación de emprego a través da formación, a atención á xuventude e, sobre todo, ás persoas maiores.

Nesa liña, un dos principais obxectivos do PSOE de Toques e o primeiro proxecto no que se implicarán se acceden á alcaldía, é a posta en marcha dun centro de día, algo para o que se aproveitarán e ampliarán infraestruturas xa existentes: “queremos ter un sitio onde as persoas maiores que estean soas sexan atendidas, coidadas, mimadas e divertidas. Elas foron o fundamento de Toques e non poden quedar esquecidas”, dixo o candidato socialista.

Tamén o sector agro-gandeiro, en tanto que é “piar e sostén do concello”, será outro dos sectores polo que aposte o PSOE, que tentará facer das explotacións “verdadeiras empresas produtivas e competitivas”. En consonancia con iso comprométense a facilitar “información coherente e verdadeira” sobre as posibilidades que existen dentro da Rede Natura. “Hai axudas da Unión Europea e non se está facendo nada”, sinalou Miguel Buján. Paralelamente tentarán revisar e facer modificacións puntuais do Plan Xeral

de Ordenación Municipal “para adaptalo ás verdadeiras necesidades e realidades municipais”.

Outra das principais promesas dos socialistas é a creación dunha ordenanza para outorgar axudas aos estudos: “non queremos que os fillos de ningunha familia de Toques queden sen ir á universidade por falta de medios”, dixo o cabeza de lista ante os asistentes, “a única maneira de saír para adiante é a través da formación”. Por iso, asegura, tamén apostarán pola formación regrada e continua para diferentes sectores de poboación a través de convenios con empresas da comarca “para a aprendizaxe de oficios e a saída ao mercado laboral”.

No que a cultura e deporte se refire, un dos obxectivos que se fixa o PSOE é recuperar o equipo de fútbol, medida coa que exemplifica a súa aposta pola práctica deportiva como medio para crear unión entre a veciñanza e hábitos saudables na xuventude: “tiñamos un equipo fenomenal e un campo envexable. Había ilusión. Hoxe as chaves do campo están en Melide. Quero recuperar o equipo de Toques porque o fútbol une á xente”.

Escoitar ás persoas

Tendo como base estas liñas mestras e o obxectivo de recuperar tanto a ilusión como o orgullo de ser toquense, os socialistas din concorrer ás eleccións “sen ansia de sillas” nin “ambición de poder”, tal e como asegurou o candidato á alcaldía. “Nós queremos ser receptores do que a xente pensa”, explicou Buján, “en Toques hai 90 lugares e en cada un deles existen persoas que teñen un problema. Queremos preguntarlles como podemos axudar e atender as súas necesidades”.

Acto seguido, aludindo ás diferentes formas que existen de facer política, engadiu que “unha cousa é facer unha candidatura e outra é facer unha amasada”. Ao fío lanzou ante os asistentes á presentación do seu equipo unha reflexión: “presentámonos ás eleccións tres partidos. Eu pensei que había catro pero un desapareceu e aínda non se sabe moi ben por que razón. A xente estase a preguntar por que dúas candidaturas que se levaban a matar están agora unidas”.



Miguel Buján, de costas, falando para o público asistente

Candidatura PSOE Toques



1. Miguel A. Buján
Funcionario



2. Vanesa Peteiro
Froiteira



3. Tomás Liñeira
Gandeiro



4. Mª Carmen Rey
Camareira



5. José Luis Abad
Gandeiro



6. Magdalena Ferreiro
Ama de casa



7. Hilario Mella
Autónomo



8. Dolores Prado
Axuda a domicilio



9. José A. Ramos
Empregado



TOQUES

CERNE 112. Maio 2015

19



Compromiso e perseveranza



POR TOQUES

VOTA
PSG
PSOE

BLOUR
GRUPO, S.L.

Iván Seoane Rodríguez
Dirección comercial



618 725 363
ivan@blourgrupo.com

 **milhulloa**
plantas medicinais e aromáticas
S.Coop. Galega

E-mail: milhulloa@hotmail.com
Tlfs: 620 783 682 - 646 569 126 - 636 357 089
Lugar do Coto, 1 - PALAS DE REI

J.M. López

Restauraciones de muebles y
antigüedades

Presupuesto sin compromiso

Tlf. 981 500 640 - Mov. 662 057 907
Arzúa (A Coruña)



MELIMATICA

**A TÚA TENDA
DE INFORMÁTICA
EN MELIDE**

Rúa Otero Pedrayo, nº 6 - Baixo // Tlf.: 981 50 78 81
melimatica@melimatica.com



BNG: unha "lista de urxencia" que apela ao voto de confianza para mudar o concello

A campaña electoral ten desta volta para o BNG de Sobrado un cariz diferente. Os nacionalistas saltan á area da contenda política cunha "lista de urxencia" creada a tan só 24 horas de pechar o prazo para presentar candidaturas, unha circunstancia motivada pola marcha dos catro concelleiros que tiña o partido ás filas do PSOE.

Con este feito como telón de fondo os candidatos do BNG escolleron Casa Tato de Sobrado para presentarse como un equipo "comprometido e con ganas de traballar" para cambiar o concello. "Eu non tiña pensado estar aquí, pero cando falta honestidade pasa o que pasa", dixo o cabeza de cartel e aspirante a alcalde, Luis José Sánchez. Vímonos nunha situación de urxencia e aquí estamos, porque pensamos que este concello pode cambiar e merece outra cousa", concluíu.

Tamén Ana Pontón, deputada nacionalista no parlamento galego, fixo mención durante a súa intervención para arroupar aos candidatos á situación excepcional que vive o BNG de Sobrado: "esta é unha das listas que máis me emociona presentar", recoñeceu, "porque é importante que cando hai xente que apuña a confianza depositada nela durante anos aparezan outras persoas que dean o relevo e que posibiliten que o BNG siga estando presente en Sobrado". Nunha liña semellante o número catro da lista, Ramiro Combo, aludiu ao terremoto vivido dentro das filas do partido: "fixemos unha lista en 24 horas e poden dicir que non vivimos aquí, pero os simpatizantes van ter a quen votar". E engadiu con sorna: "algún será tráfuga, pero a maioría seguro que non".

Voto de confianza

Conscientes de que non concorren ás eleccións na mellor das circunstancias posibles, os candidatos do BNG pídenlle á veciñanza de Sobrado un voto de confianza e aseguran que, a pesar de que aterraron na política por unha situación excepcional, "comprometémonos igual, porque queremos loitar e queremos facer". Así de rotundo se expresou José Luis Sánchez, cabeza de cartel: "con vontade sabemos que se pode facer.

Queremos traballar e por iso pedimos a confianza da xente". A isto engadiu que intentarán facer do concello "un lugar transparente onde se poida gobernar para todos e todas".

Antes da súa intervención o resto de candidatos foron dirixíndose un por un á veciñanza para debuxar un Sobrado atenazado "polo paro, o caciquismo, o escurantismo servil e a precariedade", tal e como indicou a número 2 da lista, Marina Vázquez. A esta definición outro dos candidatos, o funcionario xubilado José Rodríguez, engadiu que Sobrado "non ten quen o defenda nin quen dea a cara por el".

Programa de goberno

Partindo desa máxima os nacionalistas concorren ás eleccións municipais cun programa pensado para resolver os problemas que arrastra Sobrado dende hai anos e para desenvolver "un papel máis belixerante fronte ao desleixo do PP de San Caetano". No punto de mira está a escola infantil, a prol da cal prometen traballar "para conseguir a reapertura e a continuidade nos próximos anos". Acusan PP local de non moverse o necesario para evitar o peche e alertan das consecuencias nefastas que pode ter isto no futuro: "aqueles nenos que van á escola de Teixeira é moi difícil que o día de mañá veñan para o colexio de Sobrado, polo que estamos incentivando tamén o peche do noso colexio".

Por outra banda, os nacionalistas reclamarán a ampliación da estrada que vai dende o límite de Friol ás Corredoiras e advirten que "se o PP pensa que cunha capa de aglomerado xa imos calar, equívocase". Consideran que a importancia desta infraestrutura é vital e esixirán "un proxecto de estrada mirando para o futuro". Amosan tamén a súa preocupación pola perda de poboación, toda vez que Sobrado baixou da barreira dos 2.000 habitantes, e prometen loitar por converter o concello "nun axente dinamizador e creador de emprego para asegurar que se poida traballar e vivir con dignidade nas nosas parroquias". Por último denuncian que o PP incrementou un 33% o imposto de vehículos, un 25% a contribución rústica e un 37,5% a urbana". Prometen loitar por unha fiscalidade máis xusta.



Candidatos do BNG tralo mitin celebrado en Casa Tato

Candidatura BNG Sobrado



1. Luis José Sánchez
Empregado Sergas



2. Marina Vázquez
Estudiante



3. Xosé M. Sánchez
Profesor universitario



4. Ramiro Combo
Tradutor e docente



5. Belén Maques
Avogada



6. José Rodríguez
Funcionario xubilado



7. Xosé Antón Amil
Mestre de instituto

TxS: a agrupación de veciños con propostas "sensatas" que busca facer posible o cambio



Tras décadas cos tres partidos clásicos como únicas alternativas, a irrupción no panorama político de Sobrado dunha candidatura independente supuxo a partes iguais unha sorpresa e un revulsivo para a veciñanza. Todos por Sobrado, como se fai chamar esta nova formación, é o resultado dunha decisión "moi meditada" que tomaron un grupo de veciños "sensibilizados ante as deficiencias e necesidades de Sobrado e preocupados pola situación actual do Concello e polo seu futuro".

Así se define esta agrupación de electores que nace co obxectivo "de ser a lista máis votada" para converterse nunha alternativa de goberno "da que todos formemos parte" e para promover "un cambio que traslade á política municipal a filosofía do traballo en equipo e con ilusión".

Todos por Sobrado preséntase ante a veciñanza como unha formación "que nada ten que ver coa política tradicional" e que tampouco quere "tintes políticos de ningún tipo". Así o deixaban saber a través dun comunicado feito público nas redes sociais no que tamén aseguraban crer "firmemente" no cambio, motivo que os levou "a dar un paso adiante".

Tendo esta filosofía como base, Todos por Sobrado concorre ás eleccións municipais cun proxecto de emerxencia para o Concello e con numerosas propostas "que non son promesas electorais recollidas nun papel, senón solucións lóxicas, sensatas e prácticas que están dando probados resultados noutros concellos e que nos permitirán mellorar



Membros da candidatura de Todos por Sobrado a carón do mosteiro

Candidatura Todos Por Sobrado

1.- M^a JESÚS GARCÍA SOUTO

2.- ÁNGEL LÓPEZ FIDALGO

3.- LUZ M^a PINTOR LÓPEZ

4.- LUCÍA LAMAS BOADO

5.- M^a JOSEFA ROCA QUINTELA

6.- LUIS F. GARCÍA FERNÁNDEZ

7.- MARÍA QUINTELA VARELA

8.- ANA BELÉN ARES CABADO

9.- JOSÉ VÁZQUEZ GARCÍA

SUPLENTE:

10.- JENIFFER SOUTO MOSQUERA

11.- JESÚS LÓPEZ LODEIRO

12.- M^a CONSUELO TATO LÓPEZ

13.- M^a PILAR GARCÍA GARCÍA

14.- ARACELI LÓPEZ COTOS

o futuro de todos". De accederen á alcaldía, aseguran que a súa acción de goberno se executará de acordo con tres liñas mestras.

A primeira delas será "executar as decisións con transparencia" nun Concello "no que decidiremos todos". A segunda será apoiar

decididamente ao sector gandeiro e ao tecido empresarial "para que poidan desenvolver a súa actividade económica con garantías e para medrar, xerar riqueza e postos de traballo". A terceira prioridade é "rentabilizar ao máximo os recursos e xestionalos adecuadamente" para que os

servizos de atención aos veciños sexan mellores e cubran as necesidades reais.

Programa de goberno

Baixando ao detalle, Todos por Sobrado propón unha batería de medidas coa vista posta nun futuro mellor. No que se refire á organización do

Concello, prometen facer reunións periódicas en todas as parroquias para informar dos investimentos e dos proxectos en marcha ao tempo que axilizarán a tramitación de licencias e de expedientes relacionados cos servizos sociais. Paralelamente, queren "optimizar a produtividade do persoal municipal", adxudicar con transparencia as obras e "poñer en funcionamento" tanto o edificio do mercado como os centros sociais parroquiais, que ao seu xuízo a día de hoxe "son bens públicos que só están xerando gastos".

No eido das infraestruturas prometen actuar baixo a seguinte máxima: "o que arranxemos, arranxáremolo ben e manterémolo". Entre as prioridades están impulsar a ampliación das estradas a Friol e ás Corredoiras así como rematar a concentración parcelaria de Grixalba e regularizar os cemiterios parroquiais. Tamén será unha prioridade, xa no ámbito dos servizos sociais, a reapertura da gardería. Outros obxectivos son potenciar a axuda a domicilio, impulsar un servizo de transporte gratuíto dende as parroquias cos taxistas do municipio e crear un servizo de podoloxía e fisioterapia para maiores.

No programa electoral de Todos por Sobrado tamén se contempla crear unha agrupación municipal de protección civil e construír unha sede que compartiría co grupo de extinción de incendios. No que a economía se refire, como primeira medida figura a baixada dos impostos que foron incrementados nesta lexislatura. Os independentes concédenlle especial importancia á necesidade de profesionalizar os sectores agrícola e gandeiro, así como impulsar a actividade turística. Por outra banda, prometen "respaldar as iniciativas dos comerciantes", recuperar a feira e crear un mercado "de primeiros produtores e de produtos ecolóxicos".



PSOE: prometer o que se pode cumprir e escoitar aos veciños para mellorar a xestión



(NOTA: esta información está extraída directamente do programa electoral do PSOE de Sobrado).

O Partido Socialista de Sobrado preséntase ás eleccións do 24 de maio cun programa que segundo eles mesmos definen "probablemente non sexa o máis ambicioso" pero que, aseguran, van poder cumprir "con garantías". Estes son algúns dos puntos que contempla:

Información: segundo denuncia o PSOE, nos anos de goberno local do Partido Popular "foron moitos os veciños que se queixaron da falta de transparencia e información á hora de realizar trámites ou de poder acceder a eles". Fronte a isto, os socialistas comprométese a dar información sobre subvencións, obras e emprego "a través de todas as canles dispoñibles".

Emprego: "crearemos unha bolsa municipal e unha rede que permitirá achegar os demandantes de emprego ás empresas. Faranse convenios cos concellos limítrofes, Deputación e Xunta coa finalidade de crear postos de traballo. Toda selección de postos farase con transparencia, primando a igualdade e a capacidade".

Servizos sociais: "resulta totalmente necesario aumentar as partidas de orzamentos destinadas a este punto, pois as axudas son cada día máis necesarias por mor da crise. Hai que recuperar a escola in-



O candidato á alcaldía (dereita) cos números 2, 3 e 4 da lista do PSOE

Candidatura PSOE Sobrado

- 1.- LUIS LISARDO SANTOS ARES
- 2.- MANUEL COTOS FDEZ.
- 3.- JOSÉ A. VEIGA SÁNCHEZ
- 4.- ALFONSO RÍOS SANTOS
- 5.- GERMÁN ASTRAY MACEIRAS
- 6.- ANTONIO PEDRIDE MIRAZ
- 7.- CONCEPCIÓN GARCÍA
- 8.- INÉS LÓPEZ GARCÍA
- 9.- DIEGO AMIL GÓMEZ

SUPLENTES:

- 10.- PABLO CORRAL CARREIRA
- 11.- ALEJANDRO VILLAMOR
- 12.- JUAN GONZÁLEZ ARES
- 13.- DAVID VIDAL CASTRO
- 14.- MANUEL LÓPEZ GARCÍA
- 15.- MIGUEL FANDIÑO CASAL
- 16.- MANUEL GARCÍA GONZÁLEZ
- 17.- FCO. J. SÁNCHEZ CERNADAS
- 18.- ÓSCAR SÁNCHEZ COTOS
- 19.- ANTONIO CORREDOIRA

fantil, así como construír un centro de día que lles permita aos habitantes de maior idade desenvolver as súas actividades. Non nos podemos esquecer de rematar as vivendas

sociais que hai no concello para poder ser utilizadas polas persoas que o necesiten".

Vías e camiños: "o mal estado das pistas é coñecido por

cada un dos veciños de Sobrado. Iso é o resultado de anos sen realizar ningún mantemento. Crearemos un plan de mantemento de vías que recolla dende a conser-

vación do firme ata a limpeza ao longo do ano. Tamén é necesario facer campañas de presión ante a Xunta para a ampliación e arranxo definitivos dos tramos das estradas que unen Sobrado con Friol e Corredoiras".

Gandería e agricultura: "a nula presión do concello ante a Xunta fixo que a concentración parcelaria de Grixalba estea parada dende hai catro anos. Esixiremos o remate desta e traballaremos para que se leven a cabo outras en diferentes parroquias".

Servizos básicos: "levaremos o abastecemento de auga a todo o concello, poñendo en valor a rede de auga e buscando novos puntos de captación para garantir a mellora e a calidade do servizo sen que supoña un custo para o usuario".

Impostos: "no concello, en especial nos núcleos rurais, subiuse de forma esaxerada o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) debido a unha valoración colectiva que fixo o catastro a petición da alcaldía do Partido Popular. Tamén subiu o imposto de circulación de vehículos (pese a que despois non arranxan as vías) ata situalo nun dos máis altos da comarca e superior ao de moitas cidades. Comprometémonos a adecuar os impostos á situación económica dos veciños.

Asociacións e entidades sen ánimo de lucro: "fomentaremos este tipo de sociedades e animaremos aos veciños a participar nelas. Facilitaremos que poidan utilizar os diferentes locais sen problemas, garantíndolles necesidades básicas de auga, luz e calefacción e se o precisan doutros servizos que as asociacións requiran. Todas as parroquias deben contar con actividades".

NOTA ACLARATORIA: O motivo polo que neste número especial sobre as eleccións municipais non se lle dedica unha páxina ao PP de Sobrado é que, ao peche de edición, non se recibiran a tempo os datos necesarios para elaborar a información.

Rúas

bodeguilla

*Rúa Principal, 5
Praza da Herba
MELIDE*



O lugar de Beigondo podería converterse á volta de pouco tempo nun enclave para o descanso e o ocio vacacional. Un emprendedor valenciano vinculado aos sectores da arquitectura e da construción puxo os seus ollos nesta aldea do concello de Santiso, situada aos pés do encoro de Portodemouros, coa intención de construír nela un complexo residencial integrado por entre 20 e 30 vivendas.

Trataríase dunha urbanización de chalés con vistas ao embalse e unha extensión de 30.000 metros cadrados “sin contar las cesiones de terreno que hay que hacer al ayuntamiento”. Así o explica Alfonso Cobas, o promotor deste proxecto que inclúe tamén a construción dun pequeno campo de golf para a práctica amateur e de uso exclusivo para residentes na urbanización. Tería 9 buratos e unha extensión comprendida entre os 80.000 e os 100.000 metros cadrados.

Malia que o terreo sobre o que se erguerán os chalés xa está cualificado como solo urbanizable, a construción do complexo esixirá a aprobación dun Plan Especial de urbanización, requisito imprescindible para poder dotar as vivendas dunha rede de saneamento, beirarrúas e iluminación pública. Será o primeiro plan destas características que se

Proxectan construír en Beigondo unha urbanización con 30 chalés e campo de golf



Raquel Varela

Vista xeral dos terreos onde está previsto levantar a urbanización

aprobe na provincia da Coruña e terá que recibir o visto e prace tanto do Concello como da Xunta de Galicia.

O promotor da urbanización comprométese a presentar dito plan nas dependencias municipais “en un prazo de siete meses desde que finalice la compra de los terrenos”. Máis alá diso, evita poñer unha data para o remate dos traballos, unha cuestión que, asegura, dependerá tamén dos prazos que impoñan os trámites administrativos e a obten-

ción dos permisos necesarios. A día de hoxe xa chegou a acordo cos propietarios do 83% do terreo e aspira a completar o 100% malia que a lexislación establece que abonda co 51% para poder sacar adiante un proxecto desas características.

Apoio do Concello

A urbanización en Beigondo está ideada “para disfrutar del medio en el que se ubica”. Nesa liña o encoro supón un gran atractivo e á marxe do golf, do

sendeirismo ou da equitación, as actividades acuáticas tamén son un obxectivo de Alfonso Cobas, que iniciará conversas con Fenosa e Augas de Galicia para poder sacar un maior proveito deportivo do embalse.

Nesas negociacións e en todo o proceso en xeral, o proxecto de urbanización conta co apoio do Concello de Santiso, que se ofrece como mediador institucional e que manifestou dende o primeiro momento a súa vontade “de que isto saia adiante”. “Na medida en que

puidemos xa posibilitarmos a través do PXOM que isto fose unha reali-

dade”, sinala o alcalde, Manuel Adán, quen confía en que a construción das vivendas sexa un revulsivo para o municipio: “é un proxecto moi interesante en calquera sitio, pero aquí máis pola perda de poboación que hai no rural. Vai traer xente e vai traer vida, sen falar da repercusión económica para o Concello”.

O potencial da Autovía

Os chalés que se prevén construír en Beigondo ofertaranse como vivendas de segunda residencia para persoas que viven habitualmente na cidade. “Aunque las parcelas tendrán una extensión mínima de 1.000 metros cuadrados, no se pretende hacer grandes casas”, explica Alfonso Cobas, “serán más bien pequeñas y para público en general”.

Entre ese público obxectivo estarán os veciños de Lugo e Santiago, para quen Santiso quedará a tiro de pedra unha vez que se remate a autovía que comunicará as dúas cidades e que terá un enlace á altura de Visantofña. Para Cobas isto representa un gran potencial: “Beigondo estará a poco más de tres kilómetros de la autovía”, explica, “en 25 minutos estaremos en Lugo y en 20 en Santiago y en Lavacolla”.

Santiso estreará tanatorio a finais de agosto

As viaxes dos veciños de Santiso a Melide para velar aos seus defuntos teñen os días contados. En pouco máis de tres meses o concello disporá, grazas á iniciativa privada, do seu propio tanatorio.

O inmoble construírse en Arcediago, nunha parcela de catro ferrados situada xusto a carón da casa consistorial e terá unha superficie útil de 204 metros cadrados. Albergará dúas salas-velorio de 32 metros cadrados cada unha, outra sala de preparación, expositor de féretros, aseos, oficinas e un

porche exterior. Ademais disporá dun aparcamento para vehículos na parte traseira.

As obras comezaron o pasado 12 de maio co levantamento da acta de replanteo e o inicio das escavacións. Terán que estar rematadas, como moi tarde, o 31 de agosto. Ese é o prazo máximo que lle outorga a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) á empresa promotora, Valiño Mosteiro S.L., en base á subvención que lle concedeu para construír o edificio. En total Valiño Mosteiro S.L., unha sociedade fu-

neraría que xa ten tanatorios en Sobrado, Teixeiro e na Castellana, investirá preto de 200.000 euros no proxecto.

Segundo explica Jesús Valiño Lea, un dos socios da empresa promotora, elixiuse Arcediago como enclave para o tanatorio por tratarse da capital municipal, ter ao lado a casa do Concello e ser unha zona onde a prestación dos servizos fúnebres non lle ocasionará ningunha molestia aos veciños: “se a parcela tivese vivendas ao lado poderíamos prexudicar aos residentes e iso é algo que



Operarios levantando a acta de replanteo do tanatorio

quixemos evitar”, explica. Valiño Lea tamén avanza que na medida do posible, e en cola-

boración co Concello, “intentaremos ampliar a rúa, porque se fai un pouco estreita”.

Unha Foliada... para bailar e cantar



Héctor Romero

1º premio concurso de fotografía



Jorge Lama

2º premio concurso de fotografía



Guillermo López

3º premio concurso de fotografía



Fotos: Foliada de Melide e Adolfo Álvarez

Unha Festa do Melindre con moi bo gusto



Fotos: Turismo Melide e Adolfo Álvarez

Unha Feira de cans... para seguirlle o rastro



Fotos: Turismo Melide

Anúnciate no Cerne!! - 981 50 61 88

Que servizos ofrece Asetem?

- **Asesoría xurídica, fiscal e laboral**

Resolve gratuitamente todas as túas dúbidas de man dos profesionais cualificados da Confederación de Empresarios da Coruña, da Federación Galega de Comercio e da Federación de Autónomos de Galicia, organismos nos que estamos integrados.

- **Información e tramitación de axudas**

Achegamos de forma puntual información sobre todas as subvencións e liñas de axuda ofertadas dende os diferentes organismos. Se o precisas, tramitámosche as solicitudes de xeito gratuito. Tamén informamos sobre os cambios legislativos de relevancia.

- **Organismo acreditado**

Asetem é un organismo acreditado para a realización de cursos oficiais de manipulador de alimentos, benestar animal e transporte de animais vivos. Estamos habilitados para intervir como árbitros ante calquera conflito que se dirima no Instituto Galego de Consumo.

- **Un espazo de comunicación**

A asociación de empresarios é a responsable do Xornal Cerne, publicado mensualmente dende 2004 como unha ferramenta de difusión da actividade comercial e de información plural para a veciñanza. Na nosa páxina web tes outra canle de comunicación e tamén un espazo para o teu negocio.

- **Convenios con garantías**

Accede a vantaxes na contratación de servizos para o teu negocio grazas aos convenios que asinamos con entidades como Banco Sabadell, La Caixa, Efa Piñeiral, Seguridade A-1, Radio Melide ou R.

- **Oferta formativa**

En Asetem organizamos cursos formativos pensando nas necesidades dos nosos asociados: Escaparatismo, técnicas de venda, prevención de riscos laborais, oratoria, habilidades directivas, primeiros auxilios, redes sociais e internet...

- **Feiras, eventos e campañas**

Poñemos en marcha numerosas iniciativas ao longo do ano co obxectivo de dinamizar o tecido produtivo local e crear vida na comarca: Este Nadal toca en Melide, Bono Asetem, Unha voltiña por Melide, concurso de tapas de primavera e outono, En Melide todo o día, Salón da Voda, Mercamelide, Feira de maquinaria agrícola...

- **Cesión gratuita do local**

As instalacións de Asetem están a disposición das empresas asociadas sempre que o necesiten.

- **Bolsa de traballo**

Axudámosche a atopar o empregado que necesitas.



Aínda non lle ves as vantaxes?

Asóciate!!

DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

ASESORÍA

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Norbrok Seguros
Avda. Habana, 3 - 1º
981 50 74 44
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76
Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981 50 52 83
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981 50 50 13
Autoecambios
Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 50 04
Calitex
Galicia, 4
981 50 51 54
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
Cárnicas García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21

Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60
Cooperativa
Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
Ekaté
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17
Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80
Floristería Strelitzia
Cantón S. Roque, 46
881 81 91 01
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Froitas Olga
Avda. da Habana, 1
607 36 53 69
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
Galaica Bisutería
Rúa San Pedro, 8
981 50 75 49
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981 50 78 06
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981 50 64 34

José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981 50 59 97
La Cortina
Avda. Lugo, 43
981 50 63 58
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981 80 80 09
Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mís mejores labores
Avda. América, 3
657 43 56 99
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas Alfonso
Mateo Segade, 13
981 50 54 58
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Óptica Novalux
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Panadería Tahona
Avda. Habana, 7
981 50 51 27
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53

Pastelería Triskel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981 19 34 94
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56
Sanoguera Fotografía
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10
Sisuka Moda
Taboada Roca, 1
881 97 58 62
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981 50 79 54
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Susana Estética
Rúa do Progreso, 27
666 12 37 40
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981 50 57 23
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31

CONSTRUCCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo
Migúelez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981 50 70 89

Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981 50 55 92
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

HOSTALERÍA

A Boa Viña
Praza da Herba, 10
Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55
Cafetería A Fábrica
do Camiño
Cantón de San Roque, 1
Cafetería Arraigos
Cantón de San Roque, 9
Cafetería Cristal
Alexandre Bóveda, 20
981 50 90 09
Cafetería M4o
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44
Cafetería Stop
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33

Novo Continente
Luis Seoane, 8
981 50 61 82
Parillada O Carbuo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981 50 79 06
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Pulpería Taboada
Avda. Lugo, 22
981 50 74 26
Xamonería Garceiras
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776

SERVIZOS

Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52
Albergue Vilela
Rúa San Antón, 2
616 01 13 75
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981 50 70 47
Clínica Dental Ana
Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44
Eva Novás abogada
Rúa San Antón, 5
981 50 72 17
Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50
Hardgalicia - “R”
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981 81 53 30
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Perruquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
Entrechán
650 43 63 75
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737
Servinet
Vitoriz, s/n
697 89 24 66

TALLERES

Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981 50 52 11
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira
Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80
La Caixa
Alexandre Bóveda, 1
881 03 08 20
Banco Sabadell
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70
Rey Sánchez S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18
Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981 50 54 82

Historia non só é a que está escrita, a que se presenta ante nós en forma de monumento ou a que agarda soterrada á espera de ser descuberta. Tamén hai unha historia invisible, gardada no soporte inmaterial dos recordos e da fala. Son as lendas e os relatos imaxinarios que se transmitiron durante séculos de xeración en xeración e que corren o risco de desaparecer no esquecemento.

Para que iso non suceda co patrimonio inmaterial da nosa comarca, o Museo da Terra de Melide aliouse con un dos mellores coñecedores do folclore de Galicia. Así é que Antonio Reigosa, coautor do Dicionario de seres míticos galegos, estará na galería melidense o próximo día **29 de maio** para implicar á veciñanza da vila e dos concellos limítrofes nesa ardua tarefa que é recompilar, para que non se perda, todo o imaxinario galego.

O pretexto da visita é a presentación do seu último libro, *Galicia encantada*, o país das mil e unha fantasías, que dará comezo ás **20:00 horas**, pero o verdadeiro motivo é dar a coñecer ese outro proxecto seu que ten forma de páxina web e que leva tamén por nome *Galicia encantada*, a enciclopedia virtual sobre imaxinario máis completa que existe na nosa comunidade. Nela recóllense lendas do alén,

Búscanse lendas

O Museo da Terra de Melide colabora co especialista Antonio Reigosa na recuperación do imaxinario da comarca



A vaca Juanita, nacida en Sobrado no ano 1963, era hermafrodita e tiña seis patas

de cocos e monstros, do demo e o seu mundo, do lume, da morte, da fauna, de heroes e heroínas, de tesouros e de seres míticos... e a ela quere incorporar Antonio Reigosa as

lendas da Terra de Melide.

Algunhas xa hai, arredor de 20; as que lle transmitiron Xurxo Broz e Cristina Vázquez, investigadores do museo melidense, pero existen moi-

tas máis. Para atopalas e catalogalas pídesse a colaboración da veciñanza: “seguro que moita xente escoitou que detrás da súa casa había un castro e que nel habitaban

unhas meigas ou unhas mouras, pero non o difunde”, comenta Cristina Vázquez, “o que quere Reigosa é recoller todo iso para que non se perda e seguramente ese día lle encantará escoitar algunha lenda ou cousa que a xente coñeza”.

Un ovni en San Román

Á páxina web de Reigosa non só van parar as lendas clásicas, senón tamén lendas urbanas e “de cousas raras”, explica Xurxo Broz. Nesta última categoría encaixaría a da vaca Juanita, que xa está colgada en *Galicia Encantada*. É a historia dunha rubia galega que naceu en Sobrado con seis patas e que era hermafrodita. Un veciño de Melide chamado Manolo mercouna e exhibiuna durante 15 anos polas feiras de toda España como “el mayor fenómeno del mundo vivo”.

Tamén se escapa dos estándares da lenda a visita dun ovni a Santiso hai cousa duns corenta anos. Aterrou na parroquia de San Román segundo contan os moitos veciños que o viron. “Independentemente de que sexa certo ou non, pervive na memoria da xente e pasará á historia”, comenta Xurxo Broz. Son só dous exemplos das moitas lendas e historias que habitan connosco. Só falta recordalas e animarse a contalas para que non desaparezan. Comeza a recollida.



O escribán pantasma das fragas de Toques



Casa dos escribáns Varela Vilariño á que acudiu o vello Quenllo buscando unha recomendación

Había nas terras de Toques unha casa grande con pombal, dous hórreos e gran cheminea na que os escribáns Varela Vilariño exercían a súa profesión. Como escribáns que eran, tiñan moitas influencias e un bo día un veciño chamado “O Vello Quenllo” foi xunta un deles buscando recomendación: quería que librara a seu fillo de facer o servizo. Con malos modos, o escribán despachouno e negoulle a axuda.

Marcharon entón o Vello Quenllo máis o seu fillo cara á Coruña para alistarse e servir ao rei. Volvendo para Toques, escoitaron as campás tocar a defunto: era polo escribán, que morrera aquela noite por non lles querer axudar. Dende aquel día, unha pantasma comezou a vagar polas fragas da Capela. Petaba nos vidros das fiestras e sentíase ouvear todas as noites por enriba dos penedos do río. Nos camiños, aparecíase á xente vestido cunha túnica. Ao levar posto o hábito de escribán, non podía ir para o inferno, pero no ceo tampouco o querían porque fixera mal. Como alma en pena, vagaba por Toques atemorizando aos veciños. Mais algúns, afoutos eles, tentaron liberalo da maldición cortándolle cunha fouce o cordón que lle termaba do hábito. Hai quen di que o conseguiron e que se formou nese momento unha enorme bóla de lume trala cal a pantasma desapareceu para sempre dos camiños e das fragas.

Terry Porter en Melide: solidariedade de altura



O ex-xogador da NBA Terry Porter completou a etapa melidense do Camiño de Santiago na busca de recaudar fondos para os nenos desfavorecidos de Portland ao tempo que grava un documental sobre a súa experiencia. Ataviado co tradicional bastón de peregrino, completou o Camiño francés en seis días e chegou á Praza do Obradoiro o 9 de maio, no marco dunha iniciativa na que colaboraron o equipo de baloncesto Río Natura Mombús Obradoiro e Turismo de Galicia.

O ex-xogador do Portland Trail Blazers participa no proxecto O Camiño acaba no Obradoiro, que dará a coñecer a Ruta Xacobeá e os seus valores a nivel internacional e, en especial, nos Estados Unidos, terceiro país estranxeiro do que máis peregrinos chegan á capital de Galicia. Todos os beneficios recadados por Terry Porter irán destinado á asociación *Boys & Girls Clubs of Portland Metropolitan Area*, que axuda a nenos ofrecéndolles un lugar seguro, limpo e divertido para cando non están na escola. A recadación tamén se destinará para a *Bolsa Terry Porter*, que mediante a *Fundación Heracles* apoia ás familias desfavorecidas a través do baloncesto.

Dúas melidenses entre as mellores oradoras



Galicia participou por primeira vez na liga europea de debates Modelo Parlamento Europeo, cuxa fase galega se celebrou en Melide e reuniu a unha representación dos mellores oradores de nove centros educativos de Santiago, Ordes, O Carballiño, Poio e o propio Melide. En total participaron un centenar de alumnos e de entre todos eles dúas melidenses quedaron de finalistas: foron concretamente María Lamela, que acadou o terceiro posto e Uriela García, que quedou en primeiro lugar e se coroou por tanto como a mellor oradora do concurso.

A xornada celebrouse o 2 de maio na Casa da Cultura, onde os participantes se converteron en eurodeputados noveis organizados en catro comisións de goberno. Nelas abordaron a política de cohesión e os nacionalismos na UE; a prevención do uso do sistema financeiro para o branqueo de capitais; o programa de medio ambiente da Unión Ecoinnovación-Emprego e crecemento; e a competitividade e a sustentabilidade no emprego para as persoas con discapacidade. Tras debater as propostas, os mozos e mozas reuníronse nunha asemblea xeral para poñer en común os argumentos e os acordos.

Artistas do debuxo no colexio da Martagona



Sen dúbida hai excelentes debuxantes no colexio da Martagona. Diso dan boa fe os premios acadados polo alumnado deste centro melidense na primeira edición do *Concurso Infantil sobre Medio Ambiente* que organizou a Cadena COPE para os centros educativos de Compostela e a súa comarca. Adrián López, alumno de 2º de primaria, fíxose co máximo galardón na súa categoría e levou como premio unha tablet. Sara Sánchez, de 1º de primaria, conseguiu o segundo premio e tivo como agasallo un MP4.

PESCA E CEIBA
 6 XUÑO AS 9:00H
 PRAZAS LIMITADAS
 ANOTARSE NO 696 60 73 48
 SORTEO DIA 4 NO **DXS** CERVECERIA
 XANTAR PRAIA FLUVIAL: 20€
 Para máis información: avociaciontroiteiros@gmail.com

Gala Musical Benéfica xira 2015
COMBO DOMINICANO
 Para os Concellos e Expositores
21 MAIO
 22:00 HORAS
 Melide - A Coruña
 Concentración de DJ'S
 Para poder acceder ao recinto a entrada é libre facer entrega do billete no recinto, preferentemente: ACEITE, LEITE ou AZÚCAR
 APERTURA DO RECINTO AS 20:00H

Foliada de Melide: tempos para a Voz

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

O pasado dezaseis de abril celebrouse o Día Mundial da Voz baixo o lema "Voz, o primeiro xeito de comunicación social" (Voice, the original social media). A loa á voz naceu no ano 1999 a proposta da Federación de Sociedades de Otorrinolaringoloxía. Un día, como o dedicado a outros, que non deixa de enviar unha mensaxe. Neste caso, a toma de consciencia da necesidade de coidado da voz.

A voz estivo sempre presente en xuntanzas, festas, romarías, etc... De feito, permíteme enlazar, un ano máis, co texto dedicado á Foliada de Melide. Dende o ano 2009, que se incorporaron os Cantos de Taberna, a voz ocupa un lugar central nesta festa e, polo tanto, podemos interpretalos como unha especial homenaxe a este día xa marcado no calendario. Se ben é certo que a voz está presente sempre; incluso no mesmo significado da verba foliada no dicionario faise fincapé na diversión, no bailar e no cantar. Sen embargo, os Cantos de Taberna son unha actividade exclusiva na que a voz se volve protagonista. A



música, que sempre acompaña, atópase nesta actividade nun lugar secundario e deixa paso ao lema do día mundial deste ano, no que se ergue a voz con múltiples expresións.

Non debemos esquecer que o uso que poidamos facer da voz pode chegar a ser tan importante como o contido que tratamos de transmitir.

Tanto é así, que na diversidade de agrupacións presentes nos Cantos de Taberna na Foliada de Melide puidemos gozar coas características típicas da voz para non caer no aburrimiento: a variedade de entoacións e tonalidades, os altos e baixos continuos, a velocidade e os silencios –para descansar a voz– e, como non podía ser doutro xeito, o

alento á participación dos espectadores para volveuse protagonistas. A voz transmite calor, emocións e xera un abano tan grande de estímulos que nos permite achegarnos á ledicia, á pena ou, porque non dicilo tamén, á esperanza. É dicir, a voz é protagonista de excepción nas mensaxes e supón un valor engadido ao que se quere

transmitir.

A Foliada de Melide, alén da formalización dos Cantos de Taberna, permite sempre que se mostren as voces do cotiá, do espontáneo, dos que laian, dos que a teñen rachada, dos que queren mostrala, das mulleres que beiran, das que queren tronzar os balados, das que caen e se levantan, dos nenos e nenas que queren ser recoñecidos como protagonistas, das situacións de exclusión, da xuventude creativa, dos maiores activos e, en definitiva, de volta á normalidade para emocionarnos coas múltiples formas que é quen de deleitar. Por todo o que é quen de transmitir, a voz débese coardar, actívala de cando en vez e non maltratala. Quizais, unha boa cura de voz sexa aplicarlle, como ao falar, cancela e cautela.

Co obxectivo de que poidamos gozar por moitos anos máis da variedade de voces, fago dende este medio un chamamento ao coidado destas, ao valor súa diversidade e, como non podería ser doutro xeito, da súa creatividade.

Temporada VBC

Vanessa Martínez, xornalista

Ábrese a veda. Vodas, bautizos e comunións sortean os días no calendario á caída de maio. O premio gordo é sempre un sábado de agosto, e uns meses antes é habitual oír os lamentos de quen ten no verán tres vodas, unha voda e dous bautizos, dúas comunións.

Somos moito de laiarnos, pero ninguén racha coa tradición da que se queixa todo o mundo. Chegado o día, nos casamentos maiormente, xúntase unha feira de xente que non se coñece entre si, e non porque as familias sexan grandes, ou veñan polo noivo e pola noiva, senón porque con frecuencia, algún dos contráctos non ten nin idea de quen

é aquel señor da camisa rosa que está asistindo –e participando– no que se vende como o día máis feliz da súa vida.

Parellas de compañeiros de traballo –ou compañeiros mesmos–, invitados a granel, cos que nunca se tomou unhas cañas e dos que non se sabe nada da súa vida. Primos terceiros que non se sabía nin que os había, e que se enteran polas invitacións de como se chama o noivo. O amigo do irmán da noiva, co que nunca houbo máis conversa ca se choverá ou se por fin vén o verán...

E así ata dúascentas almas, todas co seu previo desembolso económico para asistir a unha cerimonia e unha xuntanza que recordarán como

un gasto, e que lles queda moi lonxe do corazón. Un evento que acaba sendo calquera cousa menos a celebración de que dúas persoas se queren e se escollen, que parece que xa ninguén recorda que a esencia do tema era esa.

Todas cos seus nomes escritos nun sobre por unha noiva que ás veces ten que preguntar onde viven para levarlle a invitación ao seu día. Noivos que convidan por compromiso a xente á que non quixerían no seu casamento, e convidados que van por compromiso a vodas ás que non quixerían ir.

Pero como parece que segue pesando máis o "que van pensar se non os invito", o de



facer unha voda máis grande cá do fillo do veciño, e o "xa non invita a ninguén porque

sempre foi raro"... pois feira para diante. Que os galegos somos moito de feirear.

ANA M^a PÉREZ VÁZQUEZ, GALAICA BISUTERÍA ARTESANAL

“Nas miñas creacións emprego sempre produtos españois de primeira calidade”

O seu é o exemplo de como ás veces a vida nos leva por camiños nos que nunca pensáramos. De pais galegos pero venezolana de nacemento, Ana M^a Pérez chegou a Galicia para completar a súa formación de xornalista e xa nunca máis regresou. En Melide casou, en Melide quedou e en Melide

abriu un negocio dende o que dá saída á súa faceta máis creativa: unha tenda de bixutería e complementos na que as pezas máis valoradas son as que diseña e elabora ela mesma coas súas propias mans. No horizonte xa hai novos proxectos para esta emprendedora valente en tempos de crise.

- A súa tenda é froito dun cúmulo de casualidades. Que pasou para que unha xornalista e avogada venezolana acabase sendo empresaria en Melide?

-Ana Pérez (A.P.): Cheguei de Venezuela no ano 2008 para facer un máster de edición xornalística e xa non regresei. Cando rematei estiven traballando un ano e despois quedei no paro. Nese momento foi cando coñecín ao meu marido, que é de Melide, e aquí quedei. Casamos, tivemos unha filla e foi entón cando comezou a xurdir algo que se chama bixutería artesanal. Facíaa na casa para entreterme pero gustoulle á xente e tanto coñecidos como amigos e familiares comezaron a comprar. Así, o que empezou como unha afección, acabou sendo unha idea de negocio.

- Nunca antes tivera vinculación co mundo da moda e os complementos?

-A.P.: A verdade é que non, a pesar de que sempre tiver unha vea creativa. Antes só miraba revistas de moda cando ía á perruquería e agora mércoas para saber o que se leva. A faceta de comerciante funa descubrindo co tempo. Cando fixen o máster busquei un traballo como comercial para sufragar os meus gastos e aí descubrín que podía vender. A miña vocación foi sempre o xornalismo, pero a día de hoxe teño unha faceta máis, que é a de empresaria. É moi dura porque a verdade é que hai que ser valentes para meterse nisto cos tempos que corren...

- As xoias artesanais feitas por vostede son a esencia da súa tenda.

-A.P.: Si, ese é o núcleo principal a partir do que se articula



Ana M^a Pérez nas escaleiras que dan acceso ao segundo andar de Galaica Bisutería

todo o demais. Fago pulseiras, colares, aneis e chaveiros. Trato de colocar sempre produtos nacionais de primeira calidade. Por exemplo, traballo moito con coiros e son todos de procedencia española. As pezas son fabricadas tamén aquí, feitas con níquel e prata, que dan moi bo resultado e teñen un prezo económico.

- En que se inspira para crear as súas coleccións?

-A.P.: Vexo moito o que se está levando e logo... o que crea fai un pouco o que lle dá a gana (ri). Dentro das tendencias creo o meu propio estilo; gústanme moito os motivos animais e as pedras naturais. Trato de ser coherente co meu estilo e que as cousas que faga teñan un mínimo de control de calidade. Iso para min é moi importante, por iso res-

pondo ante calquera malformación ou defecto que teñan as pezas que fago. Interésame que a xente saia contenta da tenda e que leve un produto que, ademais de gustarlle, lle saia bo.

- Á marxe da bixutería artesanal, que outros produtos ten á venda?

-A.P.: Teño tamén bixutería máis casual de prata, rodio e aceiro. Ademais vendo bolsos de pel e de polipel. Hai opcións tanto para quen quere cambiar o bolso todos os días e ter un cento deles como para as que prefiren ter dous ou tres de pel de máxima calidade. Son bolsos italianos, feitos en Florencia e importados directamente. Na planta superior teño maletas, bolsas de viaxe e liquidación de stock. Ademais diso, vendo fulares,

cintos, billeiteiras para cabaieiro e todo o que poidas imaxinar en complementos.

- Sei que está pensando en novas liñas de negocio. Que ideas ten en mente?

-A.P.: unha delas sería introducir a tarxetería para voda; personalizada e feita por min á man. Xa houbo xente que me pediu pulseiras ou chaveiros como recordos de voda: apréciao moito máis ca algo feito en serie. Tamén vou potenciar a páxina web. Considero que non a traballei como debería e aínda que está operativa, gustaríame que fose máis dinámica. Teño en proxecto remodelada e realizar varios cambios.

- De cara a este verán, cales son as tendencias en bixutería e complementos?

“Quero abrir unha nova liña de negocio con tarxetas artesás e personalizadas para vodas”

“Intento crear un estilo propio e ser coherente con el dentro do que marcan as tendencias”

-A.P.: En verán sobre todo a cor. O xogo que non nos dá o inverno, porque acostumamos a ir máis tapados, si que nolo dá o verán. As cores vivas lévanse moito. O que noto é que hai un corte entre o que se leva en zapatos e en bolsos. En zapatos veñen moito os tons neutros e pola contra os bolsos tiran para as cores fortes: fucsia, turquesa... Como vendedora de complementos intento adaptarme á oferta de zapatería que hai aquí en Melide. En materia de bixutería é o que che permita o gusto e o que queiras levar; séguese levando a bixutería en pel, as pedras naturais, o coiro...


Galaica Bisutería

Tlf: 981 50 75 49

R/ San Pedro, 8



**Xose
Igrexas
García**



Melide

**—Depende
de Nós**

TRANSPARENCIA

Xestión transparente,
participativa e igualitaria

COMERCIO LOCAL

Apoiar, colaborar e pular
polo comercio local

CULTURA

Programación galega e
universal, participativa
e integradora

APOSTA POR SERVIZOS PÚBLICOS

Queremos servizos
públicos de calidade
xestionados polo
concello

RURAL VIVO

As parroquias teñen
que ser vivas e xerar
emprego